

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN, LABORAL TEMPORAL, DUN TÉCNICO/A AMBIENTAL PARA O "PROXECTO AMBIENTAL CURTIS, SOBRADO E VILASANTAR", NOMEAMENTO DE TRIBUNAL CUALIFICADOR, DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

**EXPEDIENTE:** 2020/G003/000523

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis, (A Coruña),

### ANTECEDENTES

Vista a ORDE do 19 de decembro de 2019 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 11, do 17 de xaneiro de 2020).

Vista a resolución de concesión da subvención notificada pola Dirección Xeral de Administración Local con data 23/06/20 nº RE 1097.

Visto o convenio asinado entre os concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar o 21/07/20 para a creación dunha agrupación de Concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar, sen personalidade xurídica propia, ós efectos da realización do "Proxecto Ambiental Curtis, Sobrado e Vilasantar"; co fin de realizar a execución dunha campaña de concienciación informativa e divulgativa dirixida aos veciños e veciñas e aos axentes sociais máis representativos co fin de desenvolver unha óptima separación en orixe e recollida selectiva de residuos nos tres concellos.

Visto o informe emitido pola secretaría-intervención con data 21/07/20.

Visto Decreto da Alcaldía nº 397 do 21/07/20 polo que se aproba a convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de oito peóns para o "Proxecto Ambiental Curtis, Sobrado e Vilasantar".

Mediante Decreto da Alcaldía nº 418 do 31/07/20 aprobouse a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo, concedendo un prazo dun día hábil a efectos de emendar os defectos sinalados.

Unha vez rematado o prazo de presentación de emendas, segundo o establecido no Base Quinta, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ó proceso selectivo que figura no Anexo I.

**SEGUNDO.-** Nomear ao seguinte Tribunal Cualificador:

- Presidente: José Manuel Rodríguez Costa, ADL do Concello de Abegondo.
- Vogal: M<sup>a</sup> Ermitas Sánchez González, traballadora social do Concello de Sobrado.
- Secretaria: Ana Corral Miraz, oficial de intervención do Concello de Curtis.

**TERCEIRO.-** Convocar aos aspirantes e aos membros do Tribunal Cualificador para o

desenvolvemento da fase de oposición e de concurso o **xoves 6 de agosto ás 09:30 horas** nas Oficinas Municipais sitas en Curtis (Praza Emilia Pardo Bazán s/n).

**CUARTO.-** Que se dea publicidade a tal convocatoria por medio do taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Curtis ([www.curtis.gal](http://www.curtis.gal)), Concello de Sobrado ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)) e do Concello de Vilasantar ([www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal)).

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Dou fe, a Secretaria-interventora

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Rosa María Buján Ordóñez

**ANEXO I****Listaxe definitiva de admitidos/as:**

| <b>Apelidos e Nome</b>      | <b>DNI</b> | <b>CELGA</b> |
|-----------------------------|------------|--------------|
| Aguiar González, María Gema | *640Z      | SI           |
| Aldao Cores, Sabrina        | *773Y      | SI           |
| Carballeira Fariña, Julián  | *958Z      | SI           |
| Fernández Bogo, Silvia      | *899K      | SI           |
| García Seoane, Rita         | *413L      | SI           |
| Gómez Santos, Eva Luisa     | *348L      | SI           |
| González Novo, José         | *440X      | SI           |
| Hoces Gutiérrez, Ángela     | *007Q      | SI           |
| Lubián Fernández, Paula     | *933N      | SI           |
| Otero Ojea, Sandra          | *681S      | SI           |
| Quintela Baluja, Margarita  | *655Z      | SI           |
| Rey Caramés, Clara          | *395M      | SI           |
| Sánchez Calzada, Adela      | *035X      | SI           |
| Seoane Roca, Susana         | *334Q      | SI           |
| Silva Abilleira, Daniel     | *225D      | SI           |
| Vázquez Ares, Diego         | *484T      | SI           |
| Yudego García, Cristina     | *381Y      | NON          |

**Listaxe definitiva de excluídos/as:**

| <b>Apelidos e Nome</b>  | <b>DNI</b> | <b>Causa de Exclusión</b>                          |
|-------------------------|------------|--|
| Barral Fraga, Laura     | *664A      | Falta Anexo II<br>Presentación fóra de prazo       |
| Hoces Gutiérrez, Ángela | *007Q      | Non demandante de emprego                          |
| Tasende López, Irma     | *185V      | Anexo II sen sinatura<br>Non demandante de emprego |